

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E IGUALDADE

13810 *Real decreto 1050/2013, do 27 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de protección establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, dispón no seu artigo 9.1 que o Goberno, oído o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, determinará o nivel mínimo de protección garantido para cada unha das persoas beneficiarias do Sistema, segundo o grao de dependencia, como condición básica de garantía do dereito á promoción da autonomía persoal e atención á situación de dependencia. No seu número 2, o citado artigo 9 establece que o financiamento público deste nivel mínimo de protección será á conta da Administración xeral do Estado.

O financiamento que se establece na Lei 39/2006, do 14 de decembro, como achega da Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas, a través do nivel mínimo de protección consignado nos orzamentos xerais do Estado, ten a consideración dun financiamento garantido pola Administración xeral do Estado ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

O nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado regulouse no Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, e foi modificado polo Real decreto 99/2009, do 6 de febreiro, actualizándose anualmente as contías correspondentes ao dito nivel mínimo.

Corresponde ás comunidades autónomas a xestión dos recursos económicos fornecidos a través deste nivel mínimo de protección mediante o recoñecemento do grao de dependencia e a provisión dos servizos e prestacións para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

Así mesmo, consoante o principio de transparencia que debe impulsar a actuación das administracións públicas, do coñecemento para a toma de decisións e a planificación de actuacións, cómpre mellorar e completar os datos que se recollen no Sistema de información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, para o aboamento do nivel mínimo de protección.

Co fin de mellorar o procedemento e a transparencia na xestión, o Acordo para a mellora do SAAD, do 10 de xullo de 2012, do entón denominado Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, recolle a emisión de certificacións por parte das comunidades autónomas para proceder á liquidación do nivel mínimo de protección.

Así mesmo, no citado acordo do Consello Territorial adoptáronse os novos criterios de asignación do nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas. Conforme o previsto nel, establécese, ademais das variables aplicadas até agora, como son beneficiarios e graos de dependencia, a incorporación do criterio adicional de repartición polo tipo de prestacións recoñecidas, ponderándose positivamente aquelas prestacións que atenden os beneficiarios a través de servizos, en relación coa prestación para coidados no medio familiar.

Na avaliación de resultados do SAAD referida ao período 2007-2011, que se aprobou no citado consello, as comunidades autónomas manifestaron a dificultade de establecer aplicacións orzamentarias nos seus orzamentos de gastos específicas para a atención á dependencia, xa que os gastos desta atención se imputan a créditos que inclúen de forma global servizos similares da Rede de servizos sociais. Por esta razón, e co fin de avanzar

na transparencia e coñecer o custo total da dependencia, inclúese a emisión por parte das comunidades autónomas dun certificado anual que reflecta a aplicación dos créditos procedentes dos orzamentos xerais do Estado para o financiamento do custo de atención á dependencia e a achega da comunidade autónoma a esta finalidade.

Por outra parte, o Pleno do Consello Territorial, na súa reunión do 10 de xullo de 2012, acordou unha serie de medidas de aforro no conxunto do SAAD, tendo presente o obxectivo de que o modelo evolucione aumentando a atención mediante a prestación de servizos fronte ás prestacións económicas para coidados no medio familiar, medidas de aforro que producirán efectos tanto nos orzamentos xerais do Estado como nos orzamentos das comunidades autónomas, ao seren as ditas administracións as responsables do financiamento público do Sistema.

Algunhas destas medidas, que foron recollidas no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, pretenden corrixir os desequilibrios que se produciron no SAAD co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade, estabilidade e suficiencia para o futuro, así como mellorar a eficiencia na súa xestión. Así mesmo, este real decreto lei establece os criterios de asignación do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas.

A presente norma ten por obxecto establecer a regulación do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, os criterios da súa asignación e a forma e o procedemento do seu aboamento ás comunidades autónomas, para as persoas beneficiarias valoradas no grao III (gran dependencia), grao II (dependencia severa) e grao I (dependencia moderada) conforme a nova estrutura de graos que regula o artigo 26 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, na redacción dada polo Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo.

Así mesmo, este real decreto establece o procedemento para efectuar a verificación da materialización da achega financeira das comunidades autónomas ao SAAD, que se encontra prevista no artigo 32.3, parágrafo segundo, da Lei 39/2006, do 14 de decembro. Para isto, determínase que por medio de certificación anual expedida para o efecto cada comunidade autónoma acreditará que a súa achega financeira terá sido, ao menos, igual á realizada pola Administración xeral do Estado.

No seu proceso de elaboración, esta norma foi sometida á consulta tanto do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, consoante o disposto no artigo 9.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, como dos órganos de participación, como son o Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o Consello Estatal de Persoas Maiores, o Consello Nacional da Discapacidade e o Consello Estatal de Organizacións non Governamentais de Acción Social.

Este real decreto foi sometido ao informe previo da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 5.b) do Estatuto da Axencia, aprobado polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva na regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Esta norma establécese ao abeiro da facultade conferida ao Goberno na disposición derradeira sétima en relación co artigo 9.1 da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente norma ten por obxecto establecer a regulación do nivel mínimo de protección garantido pola Administración xeral do Estado, así como os criterios da súa asignación e a forma e procedemento do seu aboamento ás comunidades autónomas.

Artigo 2. *Nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.*

A participación da Administración xeral do Estado no nivel mínimo de protección adecuarase ás previsións do artigo 7.1.º da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Artigo 3. *Requisitos para a asignación do nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas.*

A Administración xeral do Estado asignará mensualmente ás comunidades autónomas as cantidades correspondentes ao nivel mínimo de protección, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o procedemento de recoñecemento da situación de dependencia fose iniciado por solicitude da persoa interesada ou de quen actúe na súa representación.

b) Que a situación de dependencia se recoñecese, seguindo o procedemento establecido para isto, mediante a correspondente resolución e por aplicación do baremo de valoración da situación de dependencia vixente no momento de realizarse a valoración, de acordo co previsto no artigo 27.2 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. No caso de que se proceda á revisión do grao de dependencia por algunha das causas previstas no artigo 30 da citada lei, será de aplicación o baremo de valoración da situación de dependencia vixente no momento da revisión.

c) Que se acredite mediante a correspondente certificación mensual, expedida pola persoa titular do órgano competente da comunidade autónoma responsable da xestión da atención á dependencia, a efectividade do dereito, é dicir, que o beneficiario comezou a recibir o respectivo servizo ou prestación económica, así como a obrigaición, se for o caso, de achega económica por parte do beneficiario, e as altas, baixas, traslados, revisións, suspensión da prestación e outras modificacións producidas no período a que se refira a certificación.

d) Que todos os datos e o contido das resolucións de recoñecemento da situación de dependencia que deban incorporar as comunidades autónomas ao Sistema de información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SISAAD) se encontren efectivamente recollidas no dito sistema. En todo caso, figurarán incluídos no SISAAD os seguintes datos: o grao das persoas beneficiarias, a prestación recoñecida, a data de efectividade do dereito, a capacidade económica (renda e patrimonio) do beneficiario e a súa achega no custo do servizo, cando for o caso.

A incorporación ao SISAAD dos datos do parágrafo anterior será realizada polas comunidades autónomas a través da conexión á rede de comunicacións e servizos telemáticos dese sistema.

Artigo 4. *Asignación do nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas.*

1. A asignación financeira do nivel mínimo de protección a cada comunidade autónoma efectúase mensualmente considerando tres variables: o número de beneficiarios, o grao de dependencia e o número e tipo de prestacións, establecidas no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro.

A achega da Administración xeral do Estado para o financiamento do nivel mínimo de protección do SAAD para cada persoa beneficiaria do Sistema con resolución de grao III

(gran dependencia), grao II (dependencia severa) e grao I (dependencia moderada), será a establecida na disposición transitoria décimo primeira, número 2, do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

2. A aplicación conxunta das tres variables de asignación mencionadas no número anterior realizarase conforme os seguintes criterios:

- a) Considérase que cada beneficiario foi unicamente perceptor dunha prestación.
- b) As prestacións deben estar efectivamente recoñecidas e acreditadas.
- c) Para estes efectos, todas as prestacións do SAAD teñen a consideración de prestacións de servizos, con excepción da prestación para coidados no medio familiar, que ten a consideración de prestación económica
- d) Cando a prestación económica para coidados no medio familiar estea complementada cunha prestación de servizos para apoio e atención domiciliaria á persoa dependente e esta alcance a intensidade mínima para cada grao de dependencia, considerarase que a suma de ambas as prestacións equivale a unha de servizos e, se non alcanza a intensidade mínima, considerarase como prestación económica.

3. Conforme as variables e os criterios establecidos nos números 1 e 2, a asignación do nivel mínimo de protección para cada comunidade autónoma en cada período mensual de liquidación, que comprende desde o día 26 de cada mes ao día 25 do mes seguinte, será o resultado de sumar, para cada unha delas, as dotacións obtidas conforme o establecido nas alíneas a) e b) seguintes:

a) En primeiro lugar, calcularase a dotación asignable a cada comunidade autónoma polo cómputo das variables de número de beneficiarios e grao de dependencia. Esta dotación será o resultado de multiplicar o número de beneficiarios de cada unha das comunidades autónomas polos respectivos importes de grao que se establecen na disposición transitoria décimo primeira, número 2, do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, ponderando o resultado total por un coeficiente de 0,5.

b) En segundo lugar, calcularase a dotación asignable a cada comunidade autónoma pola variable do número e tipo de prestacións recoñecidas aos beneficiarios, ponderándose positivamente os servizos do catálogo e as restantes prestacións económicas do capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro, respecto das prestacións por coidados no medio familiar. Para isto utilizarase o seguinte procedemento:

i) Determinarase a dotación inicial que se repartirá entre todas as comunidades autónomas segundo as variables previstas na alínea a) anterior, ponderada polo coeficiente de 0,5.

ii) Unha vez calculada a dotación do inciso i) anterior, a dotación asignable a cada comunidade autónoma será o resultado da seguinte fórmula:

$$Zx = A * B * \left(\frac{C}{D} \right) ; \text{ onde:}$$

Zx = dotación da comunidade autónoma X.

A = dotación inicial para repartir establecida no inciso i).

B = porcentaxe de participación relativa das prestacións recoñecidas na comunidade autónoma X respecto do total das comunidades autónomas, conforme os criterios establecidos no número 2.

C = porcentaxe de participación relativa dentro da comunidade autónoma X das prestacións de servizos respecto do total de prestacións nesta, considerando os criterios establecidos no número 2.

D = porcentaxe de participación relativa para o total agregado das comunidades autónomas das prestacións de servizos respecto do total de prestacións, considerando os criterios establecidos no número 2.

Artigo 5. Xestión, liquidación e pagamento do nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas.

1. Para efectos de que a Administración xeral do Estado poida efectuar as liquidacións mensuais do nivel mínimo de protección, as comunidades autónomas, con anterioridade ao día 25 de cada mes, emitirán a certificación mensual a que se refire o artigo 3.c), que será expedida pola persoa titular do órgano competente da comunidade autónoma responsable da xestión da atención á dependencia.

A certificación mensual será documento imprescindible para que o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO) poida iniciar a tramitación económica do correspondente expediente de gasto e realizar as liquidacións mensuais do nivel mínimo de protección por parte da Administración xeral do Estado ás comunidades autónomas.

2. Recibida a certificación mencionada no número anterior, o IMSERSO procederá a liquidar a cantidade correspondente á asignación que corresponde a cada comunidade autónoma tendo en conta os requisitos e criterios mencionados, respectivamente, nos artigos 3 e 4.

Non obstante, se os datos contidos no SISAAD non coinciden cos recollidos na certificación mensual, o IMSERSO notificará á comunidade autónoma esta incidencia e suspenderase a liquidación do nivel mínimo de protección para o correspondente expediente até que sexa corrixida ou completada a incidencia.

As liquidacións mensuais do nivel mínimo de protección xa practicadas poderán ser obxecto de regularización polo IMSERSO como consecuencia da existencia de erros materiais ou de variacións na información que serviu de base para o cálculo.

3. Polo que se refire ás prestacións de servizos, a liquidación do nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas non poderá comprender cantidades por servizos prestados con anterioridade á data de resolución do recoñecemento da prestación.

4. A obrigação por parte da Administración xeral do Estado de aboar o nivel mínimo de protección ás comunidades autónomas nacerá no momento en que se producir a efectividade do dereito, é dicir, no momento en que o beneficiario comece a recibir o respectivo servizo ou a prestación económica recoñecida na correspondente resolución administrativa.

5. Se, por causa imputable á comunidade autónoma, transcorre máis dun ano entre a data de efectividade do servizo ou da prestación económica e a incorporación dos datos no SISAAD, o pagamento das cantidades que procedan, en concepto de achega do nivel mínimo de protección, anteriores á data da incorporación dos datos ao Sistema, quedará condicionado ás dispoñibilidades orzamentarias do correspondente exercicio.

Artigo 6. Acreditación da achega das comunidades autónomas para o financiamento do SAAD.

1. Antes de finalizar o mes de febreiro de cada ano, o IMSERSO comunicará ás comunidades autónomas o importe total das cantidades libradas con cargo aos orzamentos xerais do Estado en concepto de nivel mínimo de protección, para o financiamento do custo do SAAD, correspondentes ao exercicio orzamentario inmediato anterior, como suma das liquidacións mensuais efectuadas.

2. As comunidades autónomas, o máis tardar o 30 de abril de cada ano, expedirán un certificado acreditativo da súa achega para o financiamento do SAAD, incluída a achega recibida dos orzamentos xerais do Estado, correspondente ao exercicio orzamentario inmediato anterior, que reflecta a actividade realizada e recollida tanto na certificación a que se refire o artigo 3.c) como nas estatísticas do SISAAD en 31 de decembro dese mesmo exercicio, cuxo contido mínimo será o seguinte:

a) Número de persoas beneficiarias atendidas, a través da percepción dos servizos e prestacións económicas, diferenciadas por grao, establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento, cuxa efectividade do dereito se producise ou continúe no exercicio orzamentario que se certifica.

b) Número de servizos e prestacións económicas con efectividade do dereito, percibidas polos beneficiarios anteriores, diferenciando entre as prestacións económicas e os servizos do catálogo, establecidos no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro, en 31 de decembro do respectivo exercicio.

c) Obrigacións recoñecidas ao feche do exercicio orzamentario que se certifica, imputadas ao orzamento de gastos das comunidades autónomas para o financiamento do custo dos servizos e prestacións económicas, incluída a achega da Administración xeral do Estado, recoñecidas ás persoas beneficiarias con efectividade do dereito en 31 de decembro. Detallaranse os códigos das aplicacións orzamentarias no nivel de capítulo, excepto nos gastos relativos ás prestacións económicas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, que o serán no nivel de concepto. Só se incluírán os gastos correntes directamente executados para a atención durante o exercicio orzamentario anual das persoas dependentes beneficiarias e as prestacións cuxa efectividade do dereito se producise no mesmo período.

O certificado será expedido pola persoa titular do órgano competente da comunidade autónoma responsable da xestión da atención á dependencia, co visto e praxe e a conformidade do representante da intervención da comunidade autónoma, para os datos económicos e orzamentarios.

Disposición adicional primeira. *Modelo de certificacións.*

As certificacións a que se fai referencia neste real decreto axustaranse ao modelo que se estableza na normativa que regula o SISAAD logo de acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Disposición adicional segunda. *Certificación anual para o exercicio orzamentario de 2012.*

Respecto ao exercicio orzamentario 2012, a certificación a que se refire o artigo 7.2 expedirase no prazo máximo de dous meses contados a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Efectos retroactivos das prestacións económicas.*

Para os efectos do establecido no artigo 3.c) e respecto á prestación económica para coidados no medio familiar, a Administración xeral do Estado financiará o nivel mínimo de protección correspondente aos efectos retroactivos anteriores ao 15 de xullo de 2012 recoñecidos por resolución administrativa e deixará en suspenso o financiamento deste nivel durante o prazo suspensivo previsto na citada resolución, todo isto de conformidade coa disposición adicional sétima do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo. Para os efectos do establecido no artigo 3.c), e respecto do resto de prestacións económicas, a Administración xeral do Estado financiará o nivel mínimo de protección correspondente aos efectos retroactivos legalmente establecidos.

Disposición adicional cuarta. *Interoperabilidade dos sistemas de información das comunidades autónomas co SISAAD.*

Co obxecto de posibilitar a aplicación do previsto no artigo 9 e na disposición adicional primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, o IMSERSO, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, porá ao dispor das comunidades autónomas un procedemento que permita a interoperabilidade dos seus respectivos sistemas de información co SISAAD.

Disposición adicional quinta. *Transmisión e tratamento de datos.*

As transmisións e tratamento de datos que se realicen no ámbito regulado por este real decreto axustaranse, en todo caso, ao previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación progresiva das variables de asignación do nivel mínimo de protección establecidas no artigo 4.*

Para evitar desequilibrios no financiamento dunhas comunidades autónomas respecto doutras, a asignación do nivel mínimo de protección establecida no artigo 4 evolucionará progresivamente ao longo de catro anos, coa seguinte transición temporal na aplicación dos coeficientes establecidos na alínea a) e no inciso i) da alínea b) do número 3 do artigo 4.

Ano de aplicación do sistema de asignación do nivel mínimo	Coeficientes de aplicación	
	Alínea a)	Inciso i), alínea b)
2014	0,9	0,1
2015	0,8	0,2
2016	0,7	0,3
2017	0,6	0,4

Disposición transitoria segunda. *Expedientes en tramitación ou resoltos á entrada en vigor deste real decreto.*

Para os efectos da xestión e liquidación do nivel mínimo de protección, as administracións públicas competentes, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, adaptarán e incorporarán o contido fixado na Orde SSI/2371/2013, do 17 de decembro, pola que se regula o Sistema de información do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, salvo aqueles datos que xa consten no Sistema, aos expedientes en tramitación ou resoltos á entrada en vigor deste real decreto que manteñan a vixencia do dereito a recibir a prestación ou servizo recoñecido, coa finalidade de completar e mellorar a información existente. Este prazo poderá ampliarse até seis meses máis, logo de solicitude das comunidades autónomas á Dirección Xeral do IMSERSO, se se xustificar polo volume e complexidade de datos que incorporar ao SISAAD.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 614/2007, do 11 de maio, sobre nivel mínimo de protección do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia garantido pola Administración xeral do Estado, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER